

Vigo, 10 de xaneiro de 2018, Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia

Mañá xoves día 11 de xaneiro as 11:30h, no Edificio Cambón, sede do Parque Nacional e centro de visitantes, sito na rúa Palma, 4, Vigo, o presidente do **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** D. José Pelayo Míguez Baños e o director do **Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia** D. José Antonio Fernández Bouzas presentarán o proxecto “*Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia*” que conta “con el apoio de la **Fundación Biodiversidad, del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente a través del Programa pleamar del FEMP**”.

O proxecto que desenvolverase durante este ano 2018 conta cun orzamento de 55.896,51 € dos que o FEMP, dentro da “Convocatoria 2017 del Programa Pleamar, de la Fundación Biodiversidad, cofinanciado por el Fondo Europeo Marítimo y de Pesca”, financia o 64,79 %.

O obxectivo principal é recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños do arquipiélagos de Sálvora dende a sostibilidade.

Os colaboradores do proxecto son:

- Instituto Español de Oceanografía
- Intecmar
- Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela y Universidade de A Coruña
- Cofradía de Pescadores de Carreira y Aguiño
- Concello de Ribeira
- CIFP A Granxa y CIFP Lourizán
- Asociación Amicos
- Grupos de Acción Local do Sector Pesquero
- Asociación Española de Basuras Marinas.
- WWF
- Federación Galega de Actividades Subacuáticas
- Puertos de Galicia

Realizaranse accións como:

1. Crear unha Rede de traballo multidisciplinar para fomentar o coñecemento, a xestión de lixo mariño e a conservación dos recursos biolóxicos mariños.
2. Recollida das artes de pesca perdidas e outros refugallos mariños tanto nos fondos como nas praias.
3. Xornadas informativas e de formación para fomentar a participación dos pescadores e voluntarios na protección e recuperación da biodiversidade.
4. Integración da igualdade e a sostibilidade na conservación da biodiversidade.